

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 10 de agosto de 2015 pola que se modifican os concertos educativos con centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial e de formación profesional.

Mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de febreiro de 2013 (DOG número 62, do 1 de abril) ditáronse as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados a partir do curso académico 2013/14, de conformidade co establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

Mediante a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 9 de agosto de 2013 (DOG do 14 de agosto) aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial (PCPI), ciclos formativos de grao medio e de grao superior, por un período de 4 anos ata o final do curso 2016/17; concertos que foron modificados mediante a Orde da mesma consellería do 14 de agosto de 2014 (DOG do 18 de agosto de 2014).

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), entre outros aspectos, no relativo á regulación das ensinanzas do sistema educativo e dos concertos educativos cos centros docentes privados. A formación profesional básica (FPB), regulada no novo número 10 do artigo 3 da LOE, implantouse no curso 2014/15 conforme o calendario previsto na disposición derradeira quinta da LOMCE e substituíu progresivamente os programas de cualificación profesional inicial (PCPI) dos cales se suprime a oferta de módulos obrigatorios. O segundo curso da FPB implantarase no curso escolar 2015/16, no cal se suprimirá a oferta do 2º curso dos PCPI (módulo voluntario).

De conformidade co artigo 4 da Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se establecen as normas de aplicación do réxime de concertos educativos, os que se subscriban ou modifican mediante a presente orde rematarán ao final do curso 2016/17, sen prexuízo da



súa posible modificación dentro do seu período de vixencia seguindo o procedemento do artigo 15 da mesma norma, por instancia de parte ou de oficio.

Por canto antecede, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Primeiro. *Modificación dos concertos vixentes*

1. Modificar os concertos educativos subscritos polos centros docentes privados que se relacionan no anexo I desta orde, nos termos que no mesmo anexo se establecen.

2. As modificacións a que se refire o número 1 deste artigo terán vixencia ata o final do curso 2016/17.

Segundo. *Desestimación de solicitudes*

Desestimar as solicitudes de modificación ou de subscrición de concerto educativo formuladas polos centros docentes que se relacionan no anexo II da presente orde polos motivos que en cada caso se especifican.

Terceiro. *Formalización do concerto*

1. As modificacións formalizaranse mediante addenda ao documento administrativo de formalización do concerto educativo subscrito polo centro, que asinará a persoa titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada e o director xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Orde do 25 de xaneiro de 2012 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Os centros afectados acreditarán ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, que se encontran ao día no pagamento de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



3. Se a persoa titular do centro non subscribíse o documento de formalización na data que se lle notifique entenderase decaída no seu dereito.

Cuarto. *Formación en centros de traballo*

Aprobar a formación en centros de traballo para os ciclos formativos de grao medio e grao superior de duración dun curso, que se realizará nos meses de setembro a novembro de 2015.

Quinto. *Efectos da modificación*

As modificacións a que se refire esta orde terán efectos económicos e administrativos desde o 1 de setembro de 2015.

Sexto. *Modificación da autorización dos centros que imparten a formación profesional básica (FPB)*

Modifícase a autorización dos centros educativos que se relacionan non anexo I.c) da presente orde ao suprimirse da súa oferta educativa as ensinanzas dos programas de cualificación profesional inicial, e substitúense polas ensinanzas relativas aos ciclos de FPB que para cada centro se citan no mesmo anexo.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



ANEXO I
**Modificacións realizadas de conformidade co artigo 15
 da Orde do 14 de febreiro de 2013**

a) Educación infantil.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15032157	Andaina	Culleredo	A Coruña	Incrementar concerto de 1 unidade
15015615	San Francisco Javier	Santiago	A Coruña	Suprimir concerto de 2 unidades
36015962	Campelo Afundación	Poio	Pontevedra	Suprimir concerto de 2 unidades

b) Educación primaria (EP) e educación secundaria obrigatoria (ESO).

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004460	Peñarredonda	Coruña, A	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade de EP
15004642	Santa María del Mar	Coruña, A	Coruña, A	Incrementar concerto de 2 unidades de EP
15020489	Montespiño	Culleredo	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
15010071	Jorge Juan	Narón	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
15013497	Luis Vives	Pontedeume	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade de EP
15015482	San Pelayo	Santiago	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º)
32016731	Malvedo	Coles	Ourense	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (1º/2º)
32016194	Guillelme Brown	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
32020720	Miraflores	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
36016115	Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de EP
36005427	Lar	Mos	Pontevedra	Incrementar concerto de 2 unidades de EP
36011622	Aloya	Vigo	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º)
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (1º/2º)

c) Formación profesional básica.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Comerciais (1 unidade)
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
15004356	Nebrija Torre de Hércules	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática e Comunicacions (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15010204	Santiago Apóstol	Narón	Coruña, A	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
32015530	San Martín	Ourense	Ourense	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática e Comunicaci3ns (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
32008914	Santo Cristo	Ourense	Ourense	Concertar o 2º curso do ciclo de Peiteado e Estética (1 unidade)
32009189	Valle Inclán	Ourense	Ourense	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Reforma e Mantemento de Edificios (1 unidade)
36018033	Vigo	Redondela	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Mantemento de Vehículos (1 unidade)
36011853	Daniel Castelao	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Electricidade e Electrónica (1 unidade)
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Arranxo e Reparaci3n de Artigos Textís e de Pel (1 unidade)
36016723	Mendiño	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
36011361	San José de la Guía	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Informática e Comunicaci3ns (1 unidade)
36011348	San Miguel	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Comerciais (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Electricidade e Electrónica (1 unidade) Concertar o 2º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)

d) Ciclos formativos de grao medio de formaci3n profesional.

Código	Denominaci3n do centro	Concello	Provincia	Modificaci3n
15020313	EFA El Piñeiral	Arzúa	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade) Concertar o 2º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade)
15021986	Cruz Roja Española	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Farmacia e Parafarmacia (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Farmacia e Parafarmacia (1 unidade)
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15004265	Liceo La Paz	Coruña, A	Coruña, A	Concertar Coidados Auxiliares de Enfermaría (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15004356	Nebrija Torre de Hércules	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
15009470	Loyola	Mugardos	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15010769	María Assumpta	Noia	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
27011718	Belarmino Fernández Iglesias	Sober	Lugo	Concertar o 2º curso de Servizos en Restauración (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Servizos en Restauración (1 unidade)
32008914	Santo Cristo	Ourense	Ourense	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
36000417	San Fermín	Caldas de Reis	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas (1 unidade) Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
36005671	EFA A Cancela	Neves, As	Pontevedra	Concertar o 2º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade)
36018033	Vigo	Redondela	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
36011609	Colegio Hogar Afundación	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Impresión Gráfica (1 unidade) Suprimir o concerto de Impresión en Artes Gráficas (1 unidade)
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade) Concertar o 1º curso de Atención á Persoas en Situación de Dependencia (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36016723	Mendiño	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Actividades Comerciais (1 unidade) Suprimir o concerto de Comercio (1 unidade)
36011348	San Miguel	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso de Instalacións de Telecomunicacións (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Equipos Electrónicos de Consumo (1 unidade)

e) Ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020313	EFA El Piñeiral	Arzúa	Coruña, A	Concertar 1 unidade do 1º curso de Xestión de Ventas e Espazos Comerciais Suprimir o concerto de 1 unidade de Xestión Comercial e Márketing
15005270	Afundación A Coruña	Coruña, A	Coruña, A	Concertar 2 unidades do 1º curso de Asistencia á Dirección Suprimir o concerto de 2 unidades de Secretariado
15021986	Cruz Roja Española	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Imaxe para o Diagnóstico (1 unidade)
36011622	Aloya	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Educación Infantil (1 unidade) Concertar o 1º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) Suprimir o concerto de Secretariado (1 unidade) Concertar o 1º curso de Integración Social (1 unidade) Suprimir o concerto de Integración Social (1 unidade) Concertar o 1º curso de Laboratorio Clínico e Biomédico (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Laboratorio e Diagnóstico Clínico (1 unidade) Concertar o 1º curso de Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Anatomía Patolóxica e Citoloxía (1 unidade)
36013795	CEBEM	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Asistencia á Dirección (1 unidade) Suprimir o concerto de Secretariado (1 unidade)
36011361	San José de la Guía	Vigo	Pontevedra	Concertar 2 unidades do 1º curso de Integración Social Suprimir o concerto de 2 unidades de Integración Social
36011521	Vivas	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidade)



f) Orientación.

Código	Denominación do centro	Concello	Diferenza horas		Total horas
			1º e 2º curso	3º e 4º curso	
15015482	San Pelayo	Santiago de Compostela	0	- 4	16
36010794	Fillas de María Inmaculada	Pontevedra	- 8	- 8	0

ANEXO II

Solicitudes de modificación ou subscrición desestimadas

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020431	Agarimo	Arteixo	Coruña, A	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
15032832	Niño Jesús	Betanzos	Coruña, A	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
15004046	Cid	Coruña, A	Coruña, A	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
15032674	Amigos	Ribeira	Coruña, A	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
15015366	Casa del Niño	Santiago	Coruña, A	O centro non dispón actualmente de autorización para impartir a ensinanza solicitada, segundo o artigo 3 da Orde do 14 de febreiro de 2013
32009062	Cardenal Cisneros	Ourense	Ourense	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
32008665	Divino Maestro	Ourense	Ourense	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013. Ademais do anterior, o centro non dispón actualmente de autorización para impartir a ensinanza solicitada, segundo o artigo 3 da mesma orde.
32016728	Luis Vives	Ourense	Ourense	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
32008458	María Auxiliadora	Ourense	Ourense	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36001008	Compañía de María	Cangas	Pontevedra	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
36016115	Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	O centro non dispón actualmente de autorización para impartir a ensinanza solicitada, segundo o artigo 3 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
36024537	CE. Art. Atlántico	Vigo	Pontevedra	As ensinanzas que imparte o centro non están incluídas no ámbito da Orde do 14 de febreiro de 2013; inexistencia de dotación orzamentaria para concerto de ensinanzas artísticas, segundo o artigo 17 da mesma orde.
36024771	CE. Art. Tex-Moda	Vigo	Pontevedra	As ensinanzas que imparte o centro non están incluídas no ámbito da Orde do 14 de febreiro de 2013; inexistencia de dotación orzamentaria para concerto de ensinanzas artísticas, segundo o artigo 17 da mesma orde.
36011257	El Pilar	Vigo	Pontevedra	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.
36011211	San Miguel II	Vigo	Pontevedra	As necesidades educativas da zona están debidamente cubertas e non dispoñibilidade orzamentaria, segundo os artigos 7 e e 17 da Orde do 14 de febreiro de 2013.

